CONCELLO DE BOIRO

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Expediente núm.: 2008/2026
Resolución con número e data establecidos á marxe
Procedemento: Selección de Persoal e Provisión de Postos
Asunto do Expediente: PROCESO SELECTIVO PERSOAL DOCENTE E DIRECTIVO OBRADOIRO DE EMPREGO TORRE DE GOIANS V - DOCENTE REPOBOACIÓNS FORESTAIS AGAR0208 2026

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

Por Resolución de alcaldía de data 29/04/2026 aprobouse a convocatoria e as bases para a selección do equipo docente e directivo do "OBRADOIRO DE EMPREGO MEDIOAMBIENTAL TORRE GOIÁNS V – BOIRO", con corrección de erros de data de 05/05/2026.

O anuncio de convocatoria deste proceso selectivo publicouse no BOP da Coruña nº 81 de 04/05 /2026, e as correspondentes bases foron publicadas no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web do concello www.boiro.gal e no taboleiro correspondente do SEPE.

O 15/05/2026 rematou o prazo para a emenda dos posibles defectos na listaxe provisional e persoas admitidas e excluídas.

Logo de revisadas as solicitudes de participación e comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos nas bases que rexen esta convocatoria, procede aprobar a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas.

Vista a proposta de resolución PR/2026/1137 de 19 de maio de 2026.

RESOLUCIÓN

Primeiro.- Desestimar as alegacións presentadas polo candidato Ángel Cortiñas Torres, seguindo as instrucións do Servizo de Formación e Cualificación para o Emprego da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

Fundamento da exclusión: Conforme ao previsto artigo 168.1 c) do Real Decreto 659/2023, do 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional, en defecto de titulación adecuada para impartir un certificado profesional, requírese acreditar, mediante documentos fidedignos, un mínimo de catro anos de experiencia profesional axustada aos módulos profesionais ou bloques formativos a impartir.

Analizada a documentación achegada polo candidato, non queda acreditado este extremo en relación cos contidos determinados pola normativa reguladora do certificado profesional AGAR0208.

Segundo.- Aprobar a relación definitiva de persoas admitidas no proceso selectivo destinado á

JOSE RAMON ROMERO GARCIA (1 para 2)
Alcalde
Data de Sinatura: 20/05/2026
HASH: 4705b47592619c6432b37e5b8aeff7a

SEVERINO ABALO CHOUZA (2 para 2)
Secretario accidental
Data de Sinatura: 20/05/2026
HASH: 95b33d269cc51a8ff4be2c0bd0f40451

DECRETO
Número: 2026-0764 Data: 20/05/2026

Cod. Validación: 37AP4JYERQF6PN69GEJKDHQDM
Corrección: https://boiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2

selección dun/ha Mestre para a especialidade de repoboacións forestais e tratamentos silvícolas AGAR0208 para o "Obradoiro de Emprego Medioambiental Torre de Goiáns V – Boiro", ás seguintes persoas por ter presentada en forma e prazo a documentación relacionada nas bases que rexen este procedemento:

NOME	CELGA 4	AUTOBAREMO
ANA MARIA FRANQUEIRA VALO	EXENTO/A	SI
EMILIO SABORIDO FERNANDEZ	EXENTO/A	SI
FERNANDO GABLER GONZALEZ	NON EXENTO	SI
LUIS BECARES DOVAL	EXENTO/A	SI
NATALIA BUELA SAMPEDRO	EXENTO/A	SI

Terceiro.- Aprobar a relación definitiva de persoas excluídas no proceso selectivo indicado, polos motivos que se detallan:

Nome	CELGA 4	AUTOBAREMO	MOTIVO EXCLUSIÓN
ANGEL CORTIÑAS TORRES	EXENTO/A	NON	TITULACIÓN

Cuarto.- Facer pública a presente resolución mediante a súa inserción na páxina web municipal www.boiro.gal e no taboleiro de anuncios do Concello, e convocar ás persoas admitidas para vindeiro **MARTES 26/05/2026, ás 11.30 horas**, no salón de plenos da Casa do Concello, para a realización dos exercicios correspondentes á fase de oposición, así como, se é o caso, da proba de lingua galega para as persoas aspirantes que non acreditasen estar en posesión do CELGA 4.

Quinto.- Dar conta ao Pleno na primeira sesión ordinaria que se convoque.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Cod. Validación: 37AP4JYERQF6PN69GEJKDHQDM
Corrección: https://boiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2